

IDEAS CLAVE

DOC. 1

O fascismo parece ser unha especie de resposta á crise estrutural e conxuntural que golpea ás sociedades capitalistas no período de entreguerras. O fascismo preséntase, polo tanto, como un arma de combate, que se pretende absoluta, na loita contra as clases explotadas. O fascismo propón os principios dunha estratexia política: liquidación total e definitiva do movemento obreiro mediante a destrución do bolxevismo, instauración dun Estado totalitario conservando unha orde xerárquica inexorable que aplaste definitivamente ás masas, con intencións de expansión imperialista declaradas e xustificadas.

R. BOURDERON: *O fascismo. Ideoloxía e prácticas* (1979)

DOC. 2

Fálase moito da actividade violenta dos fascistas. Arrogamos para nós o dereito de controlala e, se chega o caso, eliminala (...). No entanto e, mentres o consideremos necesario, seguiremos golpeando con maior ou menor intensidade os cráneos dos nosos inimigos, é dicir, ata que a verdade penetre neles (...). O programa da política exterior do fascismo comprende unha soa palabra: expansionismo.

Discurso de **BENITO MUSSOLINI** (1921)

DOC. 3

É perfectamente concebible que un Consello Nacional das Corporacións substitúa na súa totalidade á actual Cámara de deputados, que nunca foi do meu gusto. É anacrónica ata na súa mesma denominación; pero é unha institución que xa existía cando nós entramos, co seu carácter alieo á nosa mentalidade á nosa paixón de fascistas. Esa Cámara presupón un mundo que nós derrubamos; presupón a existencia de diferentes partidos políticos e, a miúdo, unha inxuria ao espírito de traballo. Desde o día no que suprimimos a pluralidade de partidos, a Cámara de deputados perdeu a súa razón de ser.

Discurso de **BENITO MUSSOLINI** (1933)

DOC. 4

A gran masa dun pobo non está composta por profesores nin por diplomáticos. É pouco accesible a ideas abstractas. Polo contrario, será máis fácil dominalo no terreo dos sentimentos, e é aí onde se atopa a secreta enerxía das súas reaccións.

A. HITLER: *Mein Kampf* (1925)

DOC. 5

Somos un partido antiparlamentario que rexeita a Constitución de Weimar e as institucións republicanas por ela creadas; somos inimigos dunha democracia falsificada, que inclúe na mesma liña a intelixentes e parvos, a traballadores e preguiceiros; vemos no actual sistema de maioría de votos e na organizada irresponsabilidade a causa principal da nosa crecente ruína. Que imos facer logo ao Reichstag?

Imos ao Reichstag para procurarmos armas no mesmo arsenal da democracia. Se a democracia é tan estúpida como para nos axudar, é asunto seu. (...) Tamén Mussolini foi ao Parlamento. E, malia isto, non tardou en marchar cos seus camisas negras sobre Roma.

Artigo de **J. GOEBBELS** no xornal *Der Angriff* (1928)

DOC 6

Ao principio votamos polo partido populista (conservador); pero os conservadores non podían gobernar o país: eran demasiado débiles. Nesta loita implacable polo pan e o poder, tiñamos necesidade de ser guiados por unha man vigorosa e firme. A de Hitler érao. Tralos anos transcorridos baixo o seu mando, sentíamonos moito máis satisfeitos.

Queríamos un sistema que funcionase ben e que nos proporcionase os medios para traballar tranquilamente.

A. KRUPP: Declaración no Proceso de Nuremberg (1948)

DOC 7

O Estado ten que empezar por facer da cuestión da raza o punto central da vida xeral; ten que velar pola conservación da súa pureza e ten tamén que consagrar o neno como o ben máis preciado do seu pobo. Está obrigado a coidar de que só os individuos sans teñan descendencia.

(...) Todos aqueles que, neste mundo, non son de raza pura, non son máis que lixo.

A. HITLER: *Mein Kampf* (1925)

DOC 8

Profundamente convencido de que a preservación do sangue alemán é a condición primeira da supervivencia do pobo alemán (...) o Reichstag adoptou por unanimidade e promulga a seguinte lei:

Artigo 1 (...): Quedan prohibidos os matrimonios entre xudeus e súbditos de sangue alemán ou asimilados. Os matrimonios concertados a pesar desta prohibición son nulos de todo dereito.

Artigo 2 (...): Quedan así mesmo prohibidas as relacións extraconxugais entre xudeus e súbditos de sangue alemán ou asimilado.

Artigo 3: Queda prohibido que os xudeus enarboren ou engalanen coas cores nacionais.

Leis de Nuremberg (1935)

❖ TRABALLAMOS COS DOCUMENTOS

- 1.- Le os textos e subliña os aspectos máis relevantes.
- 2.- Usa a columna da esquerda para anotar as ideas clave: IDEA PRINCIPAL e IDEAS SECUNDARIAS.
- 3.- Con que elementos traballados na aula se relaciona cada documento?
- 4.- Anota o contexto histórico no que se encadra cada un dos documentos.